



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado luns, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, acompañado polo presidente da Fundación Barrié, José María Arias Mosquera, asistiu á presentación, na sede da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dos sete primeiros proxectos que pasarán á fase de investimento do **Programa Ignicia Proba de Concepto**.

Este programa foi posto en marcha pola Xunta de Galicia a finais do pasado ano co obxectivo de **apoiar a transferencia da investigación ao mercado**, na firme crenza de que existe un gran número de proxectos liderados por investigadores galegos con potencial de comercialización. O programa ten prevista unha dotación económica de sete millóns de euros ata o 2020.

Nesta primeira convocatoria presentáronse un total de **32 proxectos promovidos por centros de coñecemento galegos**. O proceso de selección tivo lugar en **dúas fases**, nas que participaron **técnicos de GAIN e da Fundación Barrié**, acompañados de expertos internacionais de **Oxford University Innovation**, referente a nivel mundial no ámbito da transferencia de tecnoloxía. Na **primeira fase** foron seleccionadas 25 propostas, que recibiron por este feito un Informe sobre o estado da calidade da ciencia en termos de protección, propiedade e viabilidade económica e comercial, obtendo información e recomendacións sobre o estado de madurez tecnolóxica. Da **segunda fase**, que incluíu entrevistas in situ cos equipos de investigación, resultou a selección final presentada o luns.

Dos **sete proxectos seleccionados**, tres foron presentados pola Universidade de Santiago (**Matprint**, relacionada coa impresión 3D de implantes biocerámicos e catalizadores químicos; **Oncometa** e **Reprosteatosis**, ambas para desenvolver novos fármacos); outros tres pola Universidade de Vigo (**Biofast**, para a obtención dun biomaterial para rexeneración ósea a partir do dente de tiburón; **Ubismart**, vinculado coas aplicacións móbiles; e **XHS Platform**, con nanosatélites e provisión de servizos comerciais); e un sétimo a través de Gradient (**Face Idnn**, para a verificación biométrica online).

Os equipos continuarán recibindo, durante aproximadamente dous meses, **asesoramento especializado** para a elaboración e mellora dun plan de desenvolvemento e comercialización e unha estratexia legal de protección, como paso previo á formalización do investimento. Os **investimentos**, que **poderán superar a cifra global de 2 millóns de euros**, irán destinados a financiar os gastos precisos para desenvolver as aplicacións comerciais das tecnoloxías e estarán supeditados ao cumprimento de fitos.

A Xunta de Galicia, que comparte o risco de cada iniciativa e ao mesmo tempo garante a súa participación nos posibles beneficios, completa así **outras medidas que buscan reforzar a transferencia de coñecemento**, como as Unidades Mixtas de Investigación ou o Programa Principia, entre outros. Para **máis información** dos nosos programas de apoio, podedes solicitar o noso servizo de asesoramento no correo electrónico **servizos.gain@xunta.gal**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

